SETEMBRO-OUTUBRO 2024
Revista Galega de Información Literaria - Ano 22 N.º 130 pvp 3 €

**Manuel Rivas publica *Tras do ceo*, unha novela negra radical e salvaxe**

**"En *Detective Ferruchi* hai un humor moi galego e moitas pequenas historias de persoas singulares ás que miro con tenrura", di Marta Villar da obra gañadora do XLI Premio Xerais**

# Biblos

CLUBE DE LECTORES









## Premio Garelo 2024 para a libraría Biblos, nun verán de arte

O Concello de Betanzos concedeu este ano á libraría Biblos o Premio Garelo 2024, no apartado de Educación e Cultura. Recibimos o galardón de mans da alcaldesa de Betanzos, María Barral, nun acto que se desenvolveu o 14 de agosto. Que se nos considerase merecentes desta distinción é para nós un alto honor que nos compromete coa liña de servizo cultural seguida desde que abrimos a libraría en Betanzos o 15 de agosto do 2013. Sexa o noso maior agradecemento para todas as persoas que pensaron en nós como merecedores deste galardón e, como non podía ser doutra maneira, para quen dan sentido ao labor vagaroso e pausado que facemos dende as librarías, é dicir, cantos nos visitan e levan participado nas actividades que propuxemos ao longo destes once anos de traxectoria.

A fin de mes rematou a exposición de fotografías do escritor e xornalista Xesús Fraga (Londres, 1971) que estivo aberta no mes de agosto na libraría Biblos. A mostra incluía imaxes das vistosísimas cubrebaixantes de Betanzos e outras pezas de fundición, e levaba por título “A idade de ferro”. “A través da ollada de Xesús Fraga, poderemos recoñecer a obra artística reproducida en serie polas fundicións Solórzano, Muñoz-Ortiz ou Wonenburger, así como a doutros industriais que representaron o cumio das artes decorativas en ferro en Galicia até o asentamento da Modernidade na década de 1930”, segundo apuntaba no folleto da exposición Daniel Lucas Teijeiro Mosquera, historiador do Grupo de Investigación IDEAHS da USC.

“Una mirada constante” é o título da exposición de gravados e pinturas de José María Perales (Cáceres, 1962) que inauguramos o sábado 6 de xullo na libraría. Nado en Cáceres, José María Perales foi profesor de debuxo no ensino secundario ata a súa xubilación. Inicioúse nas técnicas de gravado na Fundación CIEC de Betanzos.

Xornalista, fan da novela policial de investigación, habelenciosa no manexo do humor cando escribe e decidida a botar man das súas inquietudes sociais como materia literaria ata onde faga falta. O paso rápido de Marta Villar podería levar a pensar que na súa traxectoria todo foi chegar e encher: en 2023 publicou a súa primeira novela, *Non temerás os coches amarelos*; co cambio de ano obtivo o Premio Xerais de novela na XLI edición con *Detective Ferruchi* e este mesmo ano estreouse no eido infantil cunha aventura de humor escatolóxico que destila amor polos animais. Pero as aparencias enganan. Moitas lecturas, anos de oficio como xornalista e un afán teimudo e intenso por reinventarse están detrás desta autora bergantiñá que comezou por contar as “historias que eu quería que se valorasen, historias do rural”. A súa proposta convida “a botar algunha gargallada, ter o sorriso na cara, pero tamén a reflexionar” sobre temas controvertidos de moita actualidade.



## Marta Villar, gañadora do XLI Premio Xerais

# “En *Detective Ferruchi* hai un galego e moitas pequenas h persoas singulares ás que m

**— Quen cualificaron os seus méritos din que *Detective Ferruchi* é unha novela coral e divertida contada cun ton irónico que consegue manter a intriga ata o final. Todo isto non é pouco, como se consegue?**

— O ton para min é o máis difícil de conseguir, o primeiro que tes que ter claro antes de comezar a escribir. *Detective Ferruchi* escribina nun momento persoal totalmente diferente ao de *Non temerás os coches amarelos* e por iso o ton tamén é totalmente distinto. Onde antes era dor, amargura, sufrimento, agora é retranca, un humor moi galego e moitas pequenas historias de persoas singulares ás que miro con tenrura. *Detective Ferruchi* escribina estando de permiso laboral, dous meses nos que non traballei como xornalista, ou sexa, sen presión nin estrés, con tempo dabondo, sen pensar noutra cousa. Iso é o que determinou o ton, penso eu. Sentíame máis animada e puiden sacar esa parte máis de humor que teño, aínda que sen esquecer os temas sociais. Tiña moi claro o inicio de *Detective Ferruchi*, porque primeiro escribo na cabeza a historia, pero nada máis, o resto saíu todo dun golpe ao sentarme.

**— Nun xiro de temón, e despois de varios anos traballando fóra, a personaxe de Sol Cortés volve ao seu lugar de nacemento para ser libreira. Ambas mudanzas permítenlle a vostede falar do peso do pasado e das bondades de rachar coas rutinas. Que oco lles concede na trama a ambas experiencias?**

— Gústame falar de reinicios, reinvencións, de resetearse. Coñezo moita xente, moitos xornalistas por exemplo, reciclados en todo tipo de profesións totalmente diferentes. Gústame a idea de que unha persoa evoluciona cos anos, e non ten por que facer toda a vida o mesmo, darlle saída a outras inquietudes. Eu arrisqueime a escribir, tamén foi un pouco de reinvención. Creo firmemente que nunca é tarde para lanzarte a facer algo que te apaixona. Tamén hai, nesta novela, algo de homenaxe aos/as libreiras, a verdade. É un traballo precioso pero moito máis duro do que a xente pensa. Os xornalistas todos soñamos con ser libreiros.

**— Como foi que vostede decidiu dar o salto e pasar de ser só xornalista a mergullarse no mundo literario?**

— Escribo dende sempre, como din todos os escritores. Son desas netas afortunadas criadas cos avós, dos que aprendes unha educación complementaria. Cun avó coma o meu, que cada día me contaba un conto, non podía ser que eu non escribise. Hai bastante homenaxe a meu avó en *Detective Ferruchi*, por certo. El si que era un personaxe! E por iso escribía de nena, entrevistaba a toda a familia, facía moreas de poemas. De nena participaba en concursos de redacción e poesía, gañei algúns coma o do Concello de Malpica, e noutros quedei finalista. Pero despois deixeino, ao ir á Univer-

**A Portada**

Derrotas VII, peza da exposición de Tucho Calvo na sala da libraría Biblos de Betanzos. Trátase de obras escultóricas a partir de crebas e restos de embarcacións como o *Cason* ou o *Bonnie Carrier*.

Biblos
CLUBE DE LECTORES

**Biblos Clube de Lectores, S. L.**
**Quintá N.º 8 - Mandaio**
**15391 Cesuras - A Coruña**
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com
email: subscritores@biblosclube.com
Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440



de Novela

# humor moi istorias de iro con tenrura"

sidade. Estaba máis preocupada en estudar, aprobar, ter un emprego... E funo deixando. Presenteime a algúns certames de poesía, con éxito nulo, polo que xa o deixei. E por iso me enfoquei á miña profesión. O xornalismo é moi esixente. En prensa escrita traballas mañá, tarde, noite, fins de semana, festivos. Cando libras non queres seguir escribindo. Tamén é certo que para escribir precisas moita disciplina e vontade, cousas que me faltan. Por iso, aínda que haberá unha década que me dixen que polo menos un libro tiña que escribir na miña vida, non empecei a facelo ata 2019. Cando mandei *Non temerás os coches amarelos* a Xerais era a última oportunidade que me daba a min mesma antes de deixalo, de non volver escribir máis. E unha vez publicado, para min foi unha liberación interior, como se empezase de novo despois de deixar atrás unha carga moi pesada.

**— Ao pouco de chegar a protagonista á súa vila, un brutal asasinato remove a vida sosegada de Umeiro e Sol Cortés decide tomar as rendas, investigar pola súa conta e poñer en solfa á veciñanza. Está detrás disto o seu gusto pola novela negra e policial?**

— De nena as miñas primeiras lecturas foron todas de libros de aventuras porque me criei nunha casa como as de antes: cos pais, os avós, a bisavoa e dous tíos. Miña tía Teresa era moi lectora de novelas de vaqueiros, de aventuras e asasinatos. Eu collíalle os libros. Empecei con Emilio Salgari, Jack London, Julio Verne e Robert Louis Stevenson. Fun moi apaixonada dos libros de piratas. Despois pasei ao xénero negro, primeiro co querido Vázquez Montalbán e o seu Pepe Carvalho. Gústame, máis que o crime en si, a investigación, por iso adoro a Agatha Christie, muller e escritora apaixonante que investigaba moitísimo para as súas novelas; Arthur Conan Doyle e o seu Sherlock Holmes. Tamén autores como Dashiell Hammett, Ellroy e John Le Carré. Pero confeso que aínda que me encanta a novela negra, en realidade utilizo esa estrutura como vehículo para falar de temas que me preocupan, que creo que son importantes e que se lles debería prestar máis atención.

**— Que ten máis peso en *Detective Ferruchi*, a intención de describir unha realidade social ou a proposta de mirar a vida con sentido do humor?**

— Na novela o principal é a estrutura formal dunha trama criminal, unha morte e unha investigación. O obxectivo é entreter, que a persoa lectora se enganche ata o final, pero mentres vai discorrendo a trama, introduzo temas sociais actuais. O cambio climático, por exemplo, atravesa toda a novela, porque se fai referencia a que non chove, que hai unha calor abafante todo o tempo, referencias a incendios... E coma sempre, os animais teñen unha presenza importante. Neste caso falo de algo que sucedía hai anos, dos cebos envelenados con estricnina que se botaban no monte, matando cans, lobos, raposos, aves de rapina, de todo. Outro tema que toco é o da menopausa, ese momento da vida natural na muller pero tamén descoñecido e do que non se fala. E por suposto, a violencia de xénero. Gústame que haxa un contraste na obra, momentos duros, momentos divertidos. En resume, está a investigación criminal, os toques de humor e a denuncia social. É unha combinación tripla na que me sinto a gusto.

**— E tamén fala das condicións nas que se desenvolveron os traballos de moitas mulleres.**

— Fago varias reivindicacións en *Detective Ferruchi*. Por exemplo, sobre esas mulleres que traballaron nas cooperativas téxtiles para Inditex. Elas ergueron o que hoxe é un imperio, alzouse sobre as súas costas. E traballaban nunhas condicións brutais, pero ao mesmo tempo ese traballo supúxolles o seu primeiro chanzo de liberdade, a súa independencia económica, autonomía.

**— Demostra coñecer a fondo a vida no rural. Poñamos por caso, cando fala das escaleiras.**

— É un tema que parece pequeno e do que non se fala, pero é moi importante porque visibiliza a tantas persoas maiores que viven atrapadas nas casas por non poder subir e baixar escaleiras. Nunha aldea preto da miña as familias ríronse moitos anos duns mozos que fixeron unha casa dunha soa planta, totalmente accesible, sen un só chanzo nin na entrada, e cun aspecto exterior coma de alboio. A risa acabou cando algúns se decataron, co tempo, do ben que estarían cunha casa así. A falta de accesibilidade é outra das razóns que expulsa xente, baleira o rural.

**— Na súa primeira novela, *Non temerás os coches amarelos*, perfilábase unha infancia non moi feliz. Como foi estrearse cun texto que se presume escrito cunha intensa carga emocional?**

— De nena pensaba que tiña dereito a ter unha infancia feliz como a que vía nas series norteamericanas, e que non fose así doume sempre unha carraxe tremenda. Supoño que o primeiro que escribes é o máis próximo a ti, o que mellor coñeces. Serviume para sacar moitas cousas fóra, persoais, pero tamén para contar historias que eu quería que se valorasen, historias do rural.

**— E o salto á literatura infantil e xuvenil?**

— A verdade é que non sei moi ben como foi. Paseando ao meu can polo monte un día cismei que me metía nuns problemas que merecían ser contados pero botándolle humor para quitarlles ferro. E pensei que facéndoo para nenos, desde ese punto de vista, acaíalle mellor. Sempre tiven tamén esa parte de escribir para nenos e nenas, porque é regresar ao tempo onde aínda tiñas ese tesouro marabilloso: a inocencia. A nenez é o tempo onde todo é posible, onde existe a fantasía, e eu pasaba moito tempo aí. E aínda hoxe.

**— Que plans ten para o futuro inmediato?**

— Teño outras cousas escritas: dous poemarios, un libro de relatos e un libro infantil. Pero non sei que farei con eles. Os poemarios xa non penso sacalos, vista a enorme calidade de autores e autoras galegos que hai hoxe en día. O meu estilo penso que xa quedou obsoleto.

**— E agora díganos con moita brevidade tres motivos para ler *Detective Ferruchi*.**

— Pois diría que é unha novela divertida e entretida, con dous personaxes protagonistas, home e muller, rodeados duns secundarios moi peculiares e potentes coma Cantoná; que ten unha lectura moi doada e que fai que queiras continuar ata o final para seguilos nas súas peripecias ata resolver o crime. Ten personaxes secundarios moi potentes, dos que lles colles cariño e lembras pasado un tempo.




Á VENDA O 17 DE OUTUBRO

XLI PREMIO XERAIS DE NOVELA 2024

Marta Villar

**Detective Ferruchi**

Sol Cortés deixa a cidade onde vive e o seu traballo como padronista en Inditex para regresar á súa vila natal e abrir unha libraría. Aos poucos días aparece brutalmente asasinado Xan Sequeiro, un veterinario introvertido e cun don especial para curar animais.

Xerais | Rústica
15,5 × 23 cm | 480 páxinas

ISBN: 978-84-1110-591-0

19,90 €

Marta Villar

**Non temerás os coches amarelos**

Xerais | Rústica
15,5 × 23 cm | 320 páxinas

ISBN: 978-84-1110-264-3

18,52 €

9↑

Marta Villar

**Os peidos máxicos de Sultán**

Xerais | Rústica
13,5 × 19 cm | 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-536-1

13,50 €

# Manuel Rivas



Foto: Distrito Xermar

Novela negra radical, salvaxe, sen edulcorantes, que forma parte dun proxecto literario que ten por fondo a caza do home polo home e a depredación social e natural

## Tras do ceo

Unha cuadrilla de cazadores, urbanos e con relacións de amizade e negocios, participa nunha batida na que o obxectivo é «O Solitario», un lendario porco bravo, considerado moi perigoso, a quen se lle atribúe unha morte e ataques a participantes noutras cazarías. No escenario agreste da batida, dúas mulleres sendeiristas afrontan unha situación de risco e os cazadores acoden na súa axuda. O que comezou sendo unha conversa informativa e amábel deriva nunha tensa discusión, sobre a caza e outros asuntos da vida, até chegar a un punto de violencia verbal. As mulleres, nai e filla, abraiadas pola situación, deciden fuxir. Dombodán, o máis novo da cuadrilla e o único que é natural de Tras do Ceo, o territorio onde transcorre a historia, vai narrando os feitos que se suceden nunha xornada trepidante. E faino cunha ollada propia, que perturba e engaiola a un tempo, levando da comedia ao inferno.




Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-1110-572-9
18 €

# María Reimóndez



Foto: Pablo Vázquez

Unha potente historia de ficción que desentraña as capas que compoñen a cerna da Triloxía dos seres completos de María Reimóndez




## Retorno

Nun mundo onde a "Cobiza" deu paso á destrución, no momento en que as "Multitudes" se atopan na encrucillada, *Retorno* desentraña as capas que compoñen a cerna da "Triloxía dos seres completos" de María Reimóndez. Nesta nova e última novela conflúen todas as voces, os tempos e as historias dos libros precedentes para enfrontarse a unha pregunta vital: en mans de quen deben estar as decisións que determinan a supervivencia do planeta? Unha vez máis, Reimóndez tira da filosofía, da ciencia, da aventura e dunha escrita complexa e profunda para, dende voces que superan o humano, dar unha resposta innovadora e emocionante ás preguntas do presente a través dunha potente historia de ficción.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-1110-588-0
18 €

### Abel Tomé

## A noite do oso




Alexandra Moure regresa no seu coche dende a capital á súa vila natal para acudir ao enterro do seu avó, o cal alcumaban o Oso de Caim. Os días que pasa na casa familiar son unha continua revelación para ela, onde comeza a ser consciente dos feitos que, durante anos, foron construíndo a toda unha comunidade. Xunto a Lucas, un emigrante retornado da Arxentina, seguirá o rastro dos nazis na vila e descubrirá a terrible historia da familia Couto. Alexandra meditará sobre o pasado, os segredos da aldea e as relacións familiares.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 190 páxinas
ISBN: 978-84-1176-219-9
18,05 €

### Eva Gutiérrez Alonso

## A discreta beleza dos tulipáns




"Non hai mal da alma que non poida curar a beleza dos tulipáns", dise na obra. Porén, esa beleza perfecta pode ocultar un interior inesperado. Así son os protagonistas destes relatos, como tulipáns que esconden con discreción as súas sombras dentro dunha vida aparentemente común. Eva Gutiérrez Alonso (Vigo, 1970) é Licenciada en Psicoloxía, traballa nun colexio de Infantil e Primaria e leva participado en varios concursos de relatos e microrrelatos, onde obtivo algúns premios.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 126 páxinas
ISBN: 978-84-1176-217-5
15,20 €

### Antón Dobao

## O tigre na boca do lagarto




Un conxunto de historias sobre os seres humanos e os seus xogos, paixóns, impulsos e traxedias, opresións e desexos incontibles de liberación. Son contos narrados desde o interior da boca do lagarto, o mesmo lugar en que o tigre amosa os dentes afiados coma navallas, e observan a realidade dende diferentes perspectivas, dentro e fóra. Os personaxes son carne e alento e ao mesmo tempo impulsos electromagnéticos nun metaverso caprichoso e sen regras fixas.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 184 páxinas
ISBN: 978-84-1110-560-6
18,52 €

# Xavier Alcalá






Foto: Eduardo Castro Bal

## A capital do mundo

É 1957, un adulterio ferinte, un amor tolo, imposible, impulsan a unha rapaza coruñesa a emigrar. Nova York, a capital do mundo, sempre atraera a Nieves Ocampo e cara alá marcha cunha parada previa na Habana. Ese alto na ruta, inicialmente curto, devirá en peripecia vital. A emigración é tema principal na obra de Xavier Alcalá. Tras relatar vivencias propias en *La Habana flash*, entrou a fondo na Revolución de Cuba con *Verde oliva* dando voz á "axente Mariana", galega loitadora pola liberdade. Con *A capital do mundo* retorna á escena revolucionaria, onde Nieves recolle, ao seu xeito, o testemuño de Mariana. É a primeira parte de Mayimbes –os irmáns Castro e as elites do réxime–, entre os que sobrevive a protagonista.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 366 páxinas

ISBN: 978-84-1176-317-2

21,37 €

NOVA EDICIÓN

### Xavier Alcalá

## A nosa cinza

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 252 páxinas

ISBN: 978-84-1176-320-2

19,95 €




Á VENDA O 17 DE OUTUBRO

### Pedro P. Riobó

## Tina e Xeró

Durante o verán que separa os seus respectivos aniversarios, unha nena e un neno navegan nunha dorna até unha illa deshabitada na que, por azar, descobren un terrible segredo que os levará a expoñerse a ameazas e perigos impropios da súa idade. Ambos terán que encararse co mundo dos adultos, inzado de ocultacións, contradicións e desconfianzas, no que parece dominar sempre a inxustiza e a cobiza.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-1110-590-3

18,52 €




### Alberto Mancebo

## Indolente

Ano 2041. O Ministerio da Presidencia acaba de emitir un comunicado para alertar a cidadanía dunha gran tormenta xeomagnética causada por unha erupción solar que afectará o planeta nas próximas horas. Este contundente fenómeno atmosférico xa sucedera sete anos antes, con intensas auroras boreais atravesando o ceo de todo o mundo e con fallos xeneralizados nos sistemas de comunicación e de subministración eléctrica. Nora lembra aquela situación límite, mentres intenta cargar o seu coche nunha electrolineira de Negreira para chegar a Santiago canda a súa muller e as súas fillas cos equipos de urxencia que lles poden salvar a vida. Mais a viaxe non será doada. Alberto Mancebo crea unha poderosa e inquietante narración cunha atmosfera hipnótica e abafante para enfrontar unha historia de ameazas climáticas que sitúan os personaxes nun escenario agónico e ante a necesidade de se decidiren entre a solidariedade ou a supervivencia individual.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-571-2

17,05 €




### José Fariña Jamardo

## Golfaróns de sangue

Edición e presentación de Xesús González Gómez e limiar de Benito Varela Jácome, que fala dunha "novela alumeante", chea de tensións lindeiras, dun tempo de vingas sanguentas e crimes arrepiantes. Di que Fariña Jamardo adopta nesta novela unha estratexia complexa, anovadora.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-8487-663-2

23,70 €




### Manuel M. Pacho Blanco

## O que non ten prezo

Esta historia pescuda na esencia do ser humano, dende Galicia ata a India, transitando por todos os lugares imaxinables, empapándose de todas as vidas para entender o que realmente une ás persoas. "Porque un billete de cor púrpura pode cambiar o mundo, ou polo menos tentalo. Un mundo onde se agochan personaxes que gozan da felicidade, que cobizan o amor, o sexo e a beleza. Porque iso é a vida, o que somos e o que queremos ser. O prezo dos nosos soños", di a editora.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 150 páxinas

ISBN: 978-84-1176-222-9

15,67 €




### María D. López-Menéndez

## Ardentía 1854

A Coruña, 1992. Dolores Seoane é unha moza de 17 anos cun prometedor futuro por diante, pero todo o seu mundo cambia na noite de San Xoán. Unha visita improvisada á igrexa de San Nicolás e á Virxe das Dores conduce á moza ao achado duns libros moi antigos, custodiados no templo. Que ocultan eses libros e quen os deixou alí? A curiosidade de Dolores levaraa a emprender unha insólita viaxe no tempo, que a traslada ata o ano 1854. A novela relata un misterio entre dúas épocas, dúas historias de amor e a crónica dunha epidemia mortal que o ameaza todo: o cólera, que en 1854 chega á cidade para converterse nun dos maiores dramas da súa historia.

Hércules Rústica
16,5 × 24 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-19754-49-3

19,95 €




V PREMIO VILLAR PONTE DE NOVELA 2023

### Óscar M. Guzmán

## Pero... como morren as pegas?

Adoito a morte se presenta como unha novidade abraiante cando toca de preto. Así lle acontece a Saladino Mariño, inspector xefe da Policía Nacional, cada vez que se chanta diante dun cadáver nunha das súas investigacións criminais. Desta volta, acompañado polo seu segundo, o subinspector Leopoldo Xelmírez, e o resto do seu equipo, intentarán resolver o asasinato dun magnate ourensán do transporte. Unha intriga que leva a percorrer boa parte da provincia ourensá, e parte de Portugal, na procura dun pasado ocultado baixo o constante grallar dunha bandada de pegas no ar.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-1176-248-9

18,52 €




## Jorge Emilio Bóveda
# A palabra salvaxe

Compilación de trinta relatos curtos, que abrangue dende os suxestivos e impactantes inicios da escrita até a súa adoita e serena madurez. "Se a persoa lectora está disposta a arriscarse, a transitar por atmosferas insás, a achegarse a sociedades embrutecidas, a recibir atinadas coiteladas ou a testemuñar o insólito, non o dubiden, *A palabra salvaxe* é unha excelente opción", di a editora.

Toxosoutos  Rústica  13 × 20 cm  164 páxinas

ISBN: 978-84-128497-8-3

15,20 €




## Susana Fraguela Vale
# Enfiando a vida

Lali é unha moza boa, que vive para os demais. A súa vida segue o sendeiro marcado para unha muller na primeira metade do século XX, incluso cando o seu home ten que emigrar. Pero cando a traxedia lle descobre que os seus temores eran certos e perde dúas veces o que máis quería, ten que tomar decisións e atopar outro xeito de vivir coa dor da traizón. Sofía é unha rapaza que sabe o que quere. Non vai deixar que quimeras como o amor verdadeiro a desvíen do seu obxectivo: evitar o sufrimento. Por iso, cando no traballo trasladan a Pedro alén os mares, ela toma unha rotunda decisión sen decatarse de que tentar evitar os erros dos que a precederon no camiño, non garante a felicidade. O que une e separa a Lali e Sofía vaise tecendo en *Enfiando a vida* para presentar un retrato da Galicia dos séculos XX e XXI, onde a emigración muda e se adapta aos novos tempos. Unha sociedade que, empurrada polas súas mulleres, se adapta á modernidade sen deixar que a tradición se perda.

Hércules  Rústica  16,5 × 24 cm  132 páxinas

ISBN: 978-84-19754-46-2

17,10 €




## Alberte Blanco Casal
# A soidade do inquisidor

Durante o último terzo do século XVI chegaron á casa do Santo Oficio de Compostela rumores sobre prácticas pouco acordes coa doutrina católica no condado de Monterrei. O licenciado Xoán de Freixedo será o encargado de dirixirse á comarca do sueste ourensán para iniciar unha pescuda co fin de aclarar a natureza dos rumores. A aparición duns cadáveres de mulleres novas mortas en estrañas circunstancias provocará que a pescuda se vexa alterada e que dea paso a unha intricada historia na que se verán implicados frades do colexio dos Xesuítas, o intransixente inquisidor Diego de la Cantera, a condesa dona Inés de Velasco e outros moitos personaxes. Arredor deles vaise tecendo unha conexión entre as accións guerrilleiras dos rebeldes portugueses, unha mancebía ambulante, o colexio xesuíta e unha confraría pagá practicante de antigos ritos.

Xerais  Rústica  15,5 × 23 cm  384 páxinas

ISBN: 978-84-1110-559-0

18,52 €




## Iria Collazo López
# Os mortos que amei

Celeste decidiu fuxir con 83 anos, un día de abril, o mes en que abren as rosas das cerdeiras. Atopou a maleta onde levaría as súas pertenzas entre mantas e mantóns de estopa, la e angora. *Os mortos que amei* é o relato da súa viaxe; unha *road trip* disparatada na que Iria Collazo se vale de estampas da vida e da morte dos seus avós, co humor e a tenrura como protagonistas, que contan con nostalxia unha historia de amor imposible, onde todo o que coincide coa realidade é inventado.

Galaxia  Rústica
15 × 123 cm  172 páxinas

ISBN: 978-84-1176-223-6

16,72 €




## Xosé Neira Vilas
# O home de pau

En 1988, Xosé Neira Vilas, daquela xefe de redacción de *Zunzún*, a revista infantil publicada en Cuba, deu cabo aos quince contos de *O home de pau*, escritos ao longo de 1988, e anos máis tarde reescritos en Galicia. Neira Vilas reflexiona, cunha prosa sucinta, limpa e depurada, sobre o previsible destino das cidades actuais e das xentes que nelas moran, nuns espazos concibidos como labirintos nos que viven "homes de pau".

Galaxia  Rústica
13,5 × 21 cm  112 páxinas

ISBN: 978-84-1176-213-7

12,80 €




## Miguel Anxo Murado García
# A cantiga da Burata

"Obra de cerna evocativa envolta na rememoración, mais a alzaprema, o motor do relato, non é a nostalxia senón a crítica satírica: lembrar para mellorar o noso mundo", di Xabier Paz no prólogo. Engade que é un texto infrecuente polo léxico insólito, as pródigas referencias metaliterarias ás dúas culturas, ciencias e letras, e o ton singular, lúdico e satírico a un tempo. A obra é de Miguel Anxo Murado García e non de Miguel-Anxo Murado López como por erro lle atribuímos no anterior número da revista.

Medulia  Rústica
14 × 21 cm  120 páxinas

ISBN: 978-84-10324-15-2

17 €




## Sofía Ruvira
# Os corpos fráxiles

Novela sobre a relación entre unha neta e unha avoa. Sobre a descuberta da finitude, da fraxilidade. A primeira novela de Sofía Ruvira busca a literatura nos pequenos detalles e nas emocións universais que levan movendo o mundo dende sempre.

Aira  Rústica
13 × 21 cm  88 páxinas

ISBN: 978-84-128581-9-8

15 €




## Pedro Rodríguez Villar

# Alén da néboa

Ata onde se pode chegar para evitar a tristeza? Mario leva tempo pensando en acabar coa súa vida e decide apuntarse a un novidoso programa de doazóns de felicidade a través do que consegue toda a alegría de Lucky a cambio da súa tristura. Ledicia naceu en Baroña, unha aldea illada por unha densa néboa onde todos deben medrar felices para poder salvar os seus deuses abatidos. Escudriñando as vidas de Ledicia e de Mario achégase unha sociedade que loita por curar a súa tristeza e ansiedade, pero... a que custo?

Xerais Rústica 15,5 × 23 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-533-0

15,50 €




## Mª Carmen Rey Núñez

# Esconxuros para un rei

Zeltia, posuidora de capacidades precognitivas especiais, é vendida pola súa nai Xacinta (que por mor de ter o pelo roxo e pencas fuxe da inquisición de Castela) e mais polo seu pai a unha meiga da montaña de Lugo. Zeltia pasa por unha fase de aprendizaxe até que a meiga morre nun incendio e terá que fuxir iniciando unha viaxe a Compostela disfrazada de rapaz. Alí empeza unha nova vida e acaba coñecendo ao rei Filipe IV, co que iniciará unha relación de amor pasional. Texto de fácil lectura, cun punto de novela picaresca ao inicio que vai avanzando cara un relato de corte histórico, no que autora presenta diversas situacións de abuso de poder, inxustizas, feminismos e loita de clases. Con ilustracións de Montse Rubio.

Baía Rústica 14 × 21 cm 336 páxinas

ISBN: 978-84-9995-452-3

21,85 €




## Gabriel Celester Barreiro

# Charamelas II (A ética dos alicates)

Minirrelatos. "Se a novela é un sol e o relato a entusiasta sorpresa dunha estrela fugaz, o minirrelato é unha charamela que salta da lareira crepitando –chas!– para bicarnos as canelas ou metérsenos por dentro do zoco. Convive connosco ese breve instante, pero ás veces moi intenso. Iso pretenden estas charamelas literarias". Texto do autor.

Medulia Rústica 14 × 21 cm 298 páxinas

ISBN: 978-84-10324-21-3

17 €




## Ramón Torrado Romero

# As almas comunicantes

A historia dunha familia xunto co relato dunha estraña decisión vital son os eixes sobre os que se desenvolve esta obra, que conta con varios narradores e múltiples listados. Son enumeracións diversas de, por exemplo, músicas, películas ou lecturas. Unha mirada ao pasado da terra galega e ao eido da emigración.

Medulia Rústica
15 × 23 cm 318 páxinas

ISBN: 978-84-10324-22-0

18,90 €




## Eva Baltasar

# Mamut

Unha muller que busca o seu sitio nun mundo no que lle custa atopar acomodo. Unha masía a piques da ruína que se converte no seu refuxio. Unha novela que converte o aparentemente trivial en alta literatura grazas ao poder da linguaxe. Pecha a triloxía "Tres corpos salvaxes", coa que Eva Baltasar se converteu nunha das voces máis orixinais e poéticas da literatura contemporánea. A tradución é de Isaac Xubín.

Aira Rústica
13 × 21 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-128581-6-7

15,20 €




## Carlos Moreno Lugrís

# El cuarto vértice

As vidas de dúas mulleres crúzanse nunha circunstancia da vida. Son moi diferentes, pero comparten iniciais (M. M.): Maruja Mallo e Marina Méndez. As dúas relátanse as súas historias. Unha é unha anciá inválida atada a unha cama tras unha vida de liberdade; a outra, unha moza cunha existencia crúa e cruel. O autor busca situar a Maruja Mallo no lugar que sempre debeu ocupar e reivindicala como o cuarto vértice do xenial polígono que formou xunto a Lorca, Buñuel e Dalí. En castelán.

Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-19754-48-6

20,90 €




## José G. Barral Sánchez

# Blues da Florida

Corría o ano 1968 cando o mundo pegou un estoupido. Os estudantes universitarios galegos tamén se revelaron contra as autoridades académicas, o movemento obreiro tentaba rachar as estreiteces do Réxime. A cidade olívica axitouse nunha fase particularmente intensa do seu rexo crecemento económico. A controvertida decisión de eliminar os tranvías abriu unha fenda na vida cotiá e dividiu á sociedade viguesa, para deixar unha cicatriz que aínda mostra as costuras medio século despois.

Medulia Rústica
15 × 23 cm 318 páxinas

ISBN: 978-84-10324-16-9

18,90 €




## Henry Miller

# O coloso de Marusi

En xullo de 1939, tras vivir nove anos en París e ante a ameaza da inminente invasión de Francia pola Alemaña nazi, Henry Miller acepta o convite do seu amigo Lawrence Durrell e parte para Corfu, Grecia, onde este reside. Ata o 27 de decembro dese mesmo ano, cando regresa aos Estados Unidos por orde das autoridades norteamericanas, percorrerá o país e entrará en contacto coas súas xentes. *O coloso de Marusi*, escrito en 1940 en Nova York, é un diario inclasificable desa descuberta de Grecia e dos gregos, unha mestura de reflexións e descricións (de persoas e paisaxes), entre o poético e o prosaico, salpicado, por contraste, de críticas feroces a todo o que o autor detesta do seu país. A tradución é de María Alonso Seisdedos.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 236 páxinas

ISBN: 978-84-8487-689-2

18,95 €

# Annie Ernaux









## Memoria de rapaza

Narra con estilo desenfadado os lances co amor, o desamor, o desexo e o sexo da apenas adulta Annie Duchesne, e como esta se converteu na Ernaux de hoxe. A autora regresa ao verán da súa maioría de idade e rememora a súa experiencia. Traducido por Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-19795-66-3

16,15 €

## A muller xeada

"Dentro da casa unha suma de pequenos ruídos: o muíño de café, as cazolas. Fóra, unha discreta profesora, esposa dun executivo vestida de Cacharel ou de Rodier. Unha muller xeada". A tradución dende o francés é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 156 páxinas

ISBN: 978-84-19795-68-7

17,10 €




## Goran Vojnović

# Mouros fóra

Marko Đorđić, un adolescente esloveno de pais serbios de Bosnia, ten como única saída profesional unha carreira no baloncesto que se esfarela tras un incidente aparentemente trivial. A obra narra con realismo e ironía os seus problemas e os da sociedade eslovena dende o barrio obreiro de Fužine. Cunha prosa urbana, vulgar e radicalmente afastada da linguaxe literaria que anovou a literatura eslovena, Vojnović recibiu non só a aclamación da crítica eslovena senón tamén unha denuncia da policía pola confusión entre autor e personaxe nunha obra de ficción, o que provocou un escándalo político. Tradución do esloveno de Jairo Dorado Cadilla.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 196 páxinas

ISBN: 978-84-19795-69-4

18,05 €




## Irène Némirovsky

# Suite francesa

Verán do 1940. O exército alemán avanza cara a París. A poboación foxe das súas casas na capital e inicia un éxodo por estrada para evitar a guerra. Nese mesmo momento, Irène Némirovsky empeza a escribir a que vai ser a súa magna obra: un fresco coral sobre ese tempo de incerteza e medo. *Suite francesa* é o testemuño en tempo real da ocupación nazi de Francia, que a súa autora non puido culminar porque foi asasinada en Auschwitz. Unha obra sobre as emocións humanas en condicións extremas. A tradución é de Samuel Solleiro.

Aira Cartonado
16 × 22 cm 448 páxinas

ISBN: 978-84-128837-4-9

28,40 €




## Frances Hodgson Burnett

# A educación dunha marquesa

De tan boa, Emily Fox-Seton parece parva. Malia a súa liñaxe nobre, semella destinada a coidar a todos os que a arrodean. Mais a súa vida vai cambiar cando coñeza o marqués de Walderhurst, un dos mellores partidos da alta sociedade británica de finais do século XIX. Esta novela retrata unha protagonista chea de bondade e entusiasmo para superar todas as dificultades. Unha historia de romanticismo e intriga que consagrou a autora d'*O xardín secreto*. A tradución é de Mariña González Rodríguez.

Aira Rústica
13 × 19 cm 264 páxinas

ISBN: 978-84-128837-1-8

18,95 €




## Katixa Agirre

# As nais non

A escritora vasca Katixa Agirre (Vitoria, 1981) conseguiu un grande éxito internacional con esta obra na que ofrece unha visión literaria sobre a maternidade que suscita a reflexión e o debate. Unha nai que –supostamente– afogou na bañeira os seus bebés xemelgos. Unha escritora que no momento de parir o seu primeiro fillo se decata de que coñeceu a –suposta– asasina cando eran mozas. A tradución é de Isaac Xubín.

Aira Rústica
13 × 19 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-128837-3-2

18,05 €




## Ginés Cruz

### Palabras de pedra

Esta é unha bela historia de amor que ten algo de humor e de poesía, de tristeza e de felicidade. Os protagonistas son un pai e o seu fillo pequeno que mostran como se ve o mundo cos ollos do autismo. En adaptación de Cristina Sola e tradución ao galego de Jesús Meiriño Gómez.

Hércules Rústica 14 × 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-19754-52-3

14 €

En castelán:
**Palabras de piedra**

ISBN: 978-84-19754-51-6




## Jane Austen

### A abadía de Northanger

Cando contaba 23 anos, Jane Austen enviou o manuscrito d'*A abadía de Northanger*, a súa primeira obra, a unha editorial, que nunca chegou a publicala. A novela sairía do prelo en 1918 cando, tras a morte de Austen, a súa familia recuperou o libro do editor. Quizais sexa esta a creación máis heterodoxa, divertida e irónica da autora. Unha aguda sátira literaria e unha inspirada reflexión sobre os prexuízos e crueldades da sociedade que mostra, onde non é o que dicimos ou que pensamos o que nos define, senón o que facemos, como dixo a propia Austen. A tradución é de María Ramos Salgado.

Galaxia Rústica 15 × 22 cm 266 páxinas

ISBN: 978-84-1176-326-4

19,47 €




## Gonçalo M. Tavares

### Xerusalén

O doutor Theodor Busbeck, autor dunha delirante teoría sobre a maldade humana, comete un erro: casar con Mylia, unha das súas pacientes. Mylia debe ingresar nun manicomio dirixido polo doutor Gomperz, némese de Busbeck, e alí ten un fillo con outro paciente, Ernst Spengler. Os camiños destes cinco personaxes confluirán cos da prostituta Hanna e o seu compañeiro, Hinnerk, nunha noite desapracible. Tradución do portugués de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica 13,5 × 21,5 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-19795-18-2

19 €




## Roparz Hemon

### A serea

Brest, preto da igrexa de Santa María do Carmelo, un vello oficial da Mariña garda entre as súas reliquias a imaxe chea de coiteladas dunha serea tallada en madeira. Ante a intriga dun convidado seu, empréstalle un caderno no que se narra a historia da misteriosa figura: o particular caderno de bitácora do médico de a bordo do *Axenor*. A tradución é de Servando Lois Silva.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 138 páxinas

ISBN: 978-84-19795-17-5

16,15 €




## Ocean Vuong

### Somos un pestanexo radiante na terra

Un fillo escríbelle unha longa carta á súa nai, que non sabe ler. A carta é en realidade un exame de conciencia, un repaso aos elementos clave que foron conformando a súa identidade de como fillo dunha familia de vietnamitas que fuxiu do seu país rumbo aos Estados Unidos e como mozo que descobre e asume a súa homosexualidade. Esta novela debut é asemade un testemuño do amor tenso pero innegable entre unha nai solteira e o seu fillo, e unha exploración brutalmente honesta da raza, a clase, a sexualidade e a masculinidade. En tradución de Antía Veres Xesto.

Hércules Rústica
14 × 21 cm 240 páxinas

ISBN: 978-84-19754-38-7

18,05 €




## Kurt Vonnegut

### Matadoiro cinco

Ficción histórica, autobiografía, ciencia ficción e sátira mestúranse neste relato das experiencias de Billy Pilgrim durante a Segunda Guerra Mundial, concretamente na destrución de Dresden. *Matadoiro cinco* é unha delirante novela antibélica con viaxes no tempo e no espazo, que se converteu nun dos maiores clásicos da literatura estadounidense. Traducido por Estela Villar Nogueira.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 206 páxinas

ISBN: 978-84-19795-19-9

19,95 €




## Brigitte Schwaiger

### Como chega o sal ao mar

A primeira e máis coñecida novela de Brigitte Schwaiger, publicouse orixinalmente en 1977 e converteuse decontado nun incontestable éxito editorial. A obra conta en primeira persoa a historia dunha muller nova, sen nome, a quen a monotonía da existencia cotiá a canda o seu controlador marido a fai caer na desesperanza. Malia os seus intentos iniciais de se adaptar ás convencións sociais, deseguida repara no asoballamento e a violencia aos que se ve sometida e trata de remedialos dende a transgresión. Traducido do alemán por Rosa Marta Gómez Pato.

Hugin e Munin Rústica
13,5 × 20 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-128075-4-7

15 €




## Gaetano Carlo Chelli

### A herdanza Ferramonti

Publicouse por vez primeira en 1883 na revista *Cronaca Bizantina*. O autor participa da estética do verismo, ao se inspirar na realidade para retratar os esforzos de pequenos empresarios e burócratas por se enriquecer e lograr o ascenso social e a respectabilidade. A historia percorre as vidas dos Ferramonti e as artimañas dos membros máis novos para conseguir a herdanza do patriarca. Ambientada nas rúas de Roma, pinta un mundo no que se impoñen a falta de escrúpulos, a especulación bolsista, a hipocrisía e todo tipo de intrigas. Traducida do italiano por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica
13,5 × 20 cm 254 páxinas

ISBN: 978-84-128075-3-0

16,15 €




VV AA

## O raposo Renarte e o lobo Grisengrín (Roman de Renart)

Unha colección de aventuras dos séculos XII e XIII que satiriza, con agudeza, a sociedade feudal a través dun mundo animal vibrante e complexo. Orixinariamente escritas en lingua romance, céntranse na figura astuta do raposo Renarte. A pesar das variacións de enfoque, estilo e contido, cada relato contribúe a un corpus homoxéneo que se considera parte dunha obra única e en constante evolución. Redactadas por diferentes autores pertencentes ao ámbito clerical, estas narracións revelan unha formación culta e unha visión crítica propia da burguesía emerxente. Destaca o uso dunha linguaxe desinhibida que non rexeita o uso de expresións obscenas nin situacións de sexualidade explícita ou violencia. Tradución, introdución e notas de Henrique Harguindey Banet.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 230 páxinas

ISBN: 978-84-8487-687-8

18,95 €




Israel Zangwill

## O gran misterio de Bow

Considerada como unha das primeiras e máis interesantes "novelas de misterio de cuarto pechado". Unha obra chea de humor e aceda crítica social ao turbulento Londres de finais do século XIX. Aquela mañá a señora Drabdump espertou máis tarde do habitual, pero non foi a única a quen lle quedaron as sabas pegadas. Que raro que o irreprochable Arthur Constant quedase durmido! Traducida ao galego por Patricia Buxán.

Aira Rústica 13 × 21 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-128837-2-5

17,10 €




Pedro Lenz

## De porteiro xoguei eu

Nos anos oitenta do século XX, nunha vila típica de Suíza, un xonqui a quen todo o mundo coñece como Porteiro acaba de cumprir unha condena e quere reconstruír a súa vida. Mentres intenta coñecer as circunstancias exactas en que tivo lugar o seu ingreso na cadea, descobre, desconcertado, que nada é o que parecía ser. Publicouse en 2010. Escrita no alemán bernés falado na Alta Argovia, é unha historia sobre a memoria, o amor e a traizón que tivo unha enorme resonancia e xa se considera a obra en dialecto máis coñecida de todos os tempos. Tradución, posfacio e notas de Laureano Araújo Cardalda.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-8487-683-0

16,10 €




John Updique

## Corre, coello

Harry Angstrom, coñecido como "Coello", parece insatisfeito coa súa vida familiar e co seu traballo de vendedor de peladores de verduras. Un día abandona a súa muller embarazada e o seu fillo de dous anos para iniciar unha fuxida sen rumbo. Atopa o seu antigo adestrador de baloncesto e coñece unha muller, con quen inicia unha relación. Namentres, o sacerdote da congregación á que pertence a súa familia política fará todo o posible por reconciliar o matrimonio. Tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 336 páxinas

ISBN: 978-84-19795-20-5

20,90 €




Vermon Lee

## Unha voz malévola

Volume que recolle sete dos máis importantes relatos de Vernon Lee. Sete historias onde o sobrenatural, o macabro, o misterioso e o abraiante ambientan unha literatura de non esquecer. A autora é gran coñecedora do pasado e o seu legado (os acontecementos históricos, a arte) e usa a erudición para tecer atmosferas e personaxes decadentes, míticos, arrepiantes. En tradución de Gabriel Álvarez Martínez.

Aira Rústica
13 × 21 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-128581-8-1

18,05 €




Aristófanes

## Lisístrata

Na Antiga Grecia, atenienses e espartanos levan anos enfrontados nunha cruenta guerra que non parece ter fin. Fartas de tanta violencia, inxustiza e soidade, as mulleres, lideradas pola afouta Lisístrata, deciden tomar as rendas da situación e inician unha folga sexual para conseguir a paz. Esta atrevida e irreverente comedia de Aristófanes que convida a facer o humor e non a guerra leva máis de dous mil anos facendo rir o público. En tradución do grego clásico, con introdución e notas, de Iria Pedreira Sanjurjo.

Sushi Rústica
14 × 21 cm 108 páxinas

ISBN: 978-84-16884-87-2

14 €




Alessandro Baricco

## Homero, Ilíada

A Ilíada, un dos piares da literatura universal, recolle os derradeiros acontecementos da guerra de Troia. Nesta versión, o escritor italiano Alessandro Baricco reelabora o texto para facelo máis áxil e próximo ó público de hoxe, que poderá acceder nunha clave actual ós dilemas sobre os que escribiu Homero hai case tres mil anos e que seguen vixentes: o amor e o odio, a vinganza e o perdón e a relación entre o humano e o divino, entre outros. En tradución de Moisés Barcia.

Sushi Rústica
14 × 21 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-16884-86-5

15,20 €




## Eric Carle

### Queres xogar comigo?

Un divertido libro ilustrado por Eric Carle cheo de sorpresas. Un ratiño sae da súa casa á busca de alguén con quen xogar. No seu camiño atópase con colas moi diferentes (marrón, verde, laranxa, peluda, emplumada...), pero todas elas pertencen a animais que non desexan pasar tempo con el. Tras unha longa camiñada, encontra unha pequena cola de cor gris. Quererá o seu dono xogar co ratiño? Unha proposta sinxela, co estilo inconfundible de Eric Carle, propón o desafío de identificar os animais polas súas colas, misterio que se resolve ao paso de cada páxina. E, como suspense, un xiro final que lle dá un novo sentido ao conto.

Kalandraka Cartonado 12,5 × 18 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-310-3

13 €

## Anthony Brownie

### Cousiña linda

En 1974, Koko, unha gorila adestrada na Universidade de Standford para usar a lingua de sinais, pediulles un gato aos científicos que a observaban e coidou del coma se fose o seu fillo. Uns meses despois o gato desapareceu e durante varios días Koko expresou a súa tristura a través de sinais. En *Cousiña Linda*, como no caso real, un gorila que sabe comunicarse por sinais, pídelle aos seus coidadores un pouco de compañía. Así coñece a Linda, unha gatiña coa que toma leite e mel, pasea, xoga... Xuntos son felices, mais unha noite, mentres ven unha película, o gorila ponse moi nervioso, enfurécese, e os seus coidadores deciden separalos. Traducido por Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez.

Kalandraka Cartonado 26 × 30 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-308-0

15,20 €

## Anna Font

### Canta xente se necesita...?

Orixinal libro-xogo para pensar e compartir sobre os afectos, a convivencia e a solidariedade. Partindo de que somos animais sociais, este álbum convida a reflexionar sobre este aspecto dun modo poético e sinxelo, ao alcance dos máis pequenos; tamén a repensar o concepto de comunidade e a valorar as relacións humanas e a convivencia. A obra, ideal para compartir a calquera idade, preséntase como un xogo de preguntas e respostas que permite responder libremente ou darlle a volta ao libro e ler a resposta oculta que propón a autora. As ilustracións a dobre páxina son colaxes cheas de humor e de cor. Tradución de Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado 21 × 29,7 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-292-2

15,20 €













## Sylvain Alzial

### Panthera tigris

Inspirado nas ensinanzas do mestre bengalí contemporáneo Swami Prajnanpad, fala do valor da experiencia como fonte de coñecemento. Faino a través dun relato que destila unha fina ironía e un gran sentido do humor, ao mesmo tempo que informa con rigor sobre os tigres de Bengala. As ilustracións de Hélène Rajcak combinan láminas de carácter científico en branco e negro ao estilo dos gravados de época decimonónica con outras nas que se van revelando lentamente as cores da xungla. En tradución de Tamara Andrés.

Kalandraka Cartonado
21,3 × 27,5 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-19213-53-2

15,20 €

## Sandra Lodi

### Papóns

A Inés encántalle pasar tempo coa avoa e cultivar a horta con agarimo. Un día ambas descobren que alguén fixo desaparecer a colleita en que traballaron todo o ano e pregúntanse quen sería o papón?

Galaxia Cartonado
24 × 21 cm 44 páxinas

ISBN: 978-84-1176-325-7

16,15 €

## Andie Powers

### Son calado

Emilio non é tímido. É calado. Pode semellar apoucado e tímido por fóra, pero no seu interior a imaxinación reborda. Mentres que outros ven nel a alguén tímido, quen lea este libro saberá que é, en realidade, un aventureiro en alta mar, un explorador intrépido e un amigo dos animais salvaxes. Ilustrado por Betsy Petersen e traducido por María Fe González Fernández.

Hércules Cartonado
22,5 × 22,5 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-19754-45-5

16,15 €

En castelán:
**Soy callado**

ISBN: 978-84-19754-44-8

## Barbara Cantini

### O libro secreto de Mortiña

Hai amizades que son ben especiais, sobre todo se a mellor amiga é unha... zombi, coma Mortiña. As deste libros son páxinas para compartir paixóns, soños, medos e todos os segredos máis secretos. Pero todo está a salvo: "Non contarei nada dos nosos segredos, palabra de Mortiña!».En tradución de Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González.

Hércules Cartonado
18 × 24 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-19754-43-1

15,20 €

# Enid Blyton






6↑

## Contos ás cinco

O posible e o imposible entrelázanse nesta colección de contos de Enid Blyton. De aventuras de animais a historias da escola, pasando por feitizos de bruxas e angueiras domésticas, hai contos para todos os gustos. A tradución do inglés é de Eva Almazán. Con ilustracións de Eva Fandiño.

Sushi    Rústica    14 × 21 cm    138 páxinas

ISBN. 978-84-16884-88-9

15 €

6↑

Á VENDA EN OUTUBRO

## Contos ás seis

Tradución do inglés de Eva Almazán. Gnomos que buscan agradar a todo o mundo, xoguetes que cobran vida, rapaces de bo corazón que levan a súa recompensa, elfos un pouco parvos e animais que serven de moita axuda... Enid Blyton reúne unha serie de contos cos que esmendrellarse e tamén aprender.

Sushi    Rústica    14 × 21 cm    134 páxinas

ISBN: 978-84-16884-89-6

15 €

# Carlos López






En castelán:
**Los doce trabajos de Hércules**
ISBN: 978-84-19754-53-0

## Os doce traballos de Hércules

Hércules, fillo do deus Zeus e da mortal Alcmena, tiña desde neno tal forza que xogaba ás bólas cos planetas e ao aro cun dos aneis de Saturno. Xa de adulto a deusa Hera ordénalle realizar doce traballos dificilísimos. Carlos López presenta a historia dun Hércules moi peculiar: semideus do estrafalario, heroe do disparate e cun aspecto físico diferente do que nos ten afeitos. E tamén fala do león de Nemea, cuxos cairos eran dúas medias lúas crecentes. Da hidra de Lerna de nove cabezas, que intentaba volverte tolo falándoche de nove cousas distintas a un tempo, e tamén do can Cérbero de tres cabezas, que ladraba en tres idiomas diferentes. As ilustracións son de Siro López.

Hércules    Cartonado
16,5 x 24 cm    88 páxinas

ISBN: 978-84-19754-54-7

15,20 €

6↑




Virginie Aladjidi e Caroline Pellissier

## Inventario de rochas e minerais

Permite descubrir o mundo das rochas e dos minerais, desde a súa orixe ata a súa composición, pasando polo seu uso e o seu simbolismo. Este volume, que fai o número dez dos Inventarios ilustrados de Kalandraka, vén acompañado dun catálogo-guía de todos os títulos da colección. As ilustracións son de Emmanuelle Tchoukriel. En tradución de Fernando Moreiras.

Factoría K    Cartonado
21,5 × 30 cm    48 páxinas

ISBN: 978-84-19213-06-8

17,10 €

6↑




Manuel Blanco

## Vacacións na casa do tío Drácula

Á mansión do conde Drácula chega o seu sobriño para pasar uns días de vacacións. Durante a súa estadía o sobriño escribirá un diario no que, ignorante da verdadeira natureza do seu excéntrico tío, relata as aventuras deste, así como as relacións co seu fillo, o primo Francis. O libro enfronta, nun ton paródico, a inocencia do cativo coa vida transgresora e algo disipada do misterioso Conde.

Medulia    Cartonado
17,5 × 25 cm    44 páxinas

ISBN: 978-84-10324-20-6

18,90 €

8↑




Alba de Evan e Xabier Domínguez

## Rolando

### Un fío resistente

Rolando é un artista que tece obras de arte co seu fío en Preto-da-Fonte. Inesperadamente, vese arrastrado a un espazo hostil do que deberá escapar. Ao longo do traxecto atopará aliados inesperados como Silvina, que lle axudará a volver ao seu fogar. No camiño urdirán unha historia de aventuras minúscula onde o máis grande é a amizade. As ilustracións son de Paula Cheshire.

Galaxia    Rústica
13 × 20 cm    104 páxinas

ISBN: 978-84-1176-316-5

12 €

PREMIO SIMBAD PARA O RECORDO E O ALZHÉIMER 2023

8↑




Ignacio Vidal Portabales

## Sucos

O avó de Aldara, o vello Moncho, comeza a facer cousas raras. Preocupada por el, a súa neta vaino acompañar nunha extraordinaria aventura enriba dunha padeadora amarela, coa que percorrerán camiños e leiras. Moncho ten un plan con catro ideas que mudarán para sempre a aldea de Xavestre e os seus veciños e veciñas. Con ilustracións de Sandra Lodi.

Galaxia    Rústica
13 × 20 cm    116 páxinas

ISBN: 978-84-1176-327-1

13,50 €

8↑




José Jorge Letria e André Letria

## Animais fantásticos

Un percorrido pola mitoloxía e as crenzas populares en compañía dalgúns dos personaxes máis coñecidos. Hai animais verdadeiros, reais, e outros fantásticos, marabillosos, nados da imaxinación. José Jorge Letria e André Letria, pai e fillo, presentan unha selección de 19 destes animais máxicos. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka    Cartonado
24 × 24 cm    48 páxinas

ISBN: 978-84-1343-321-9

15,20 €

# Rosa Aneiros



Unha apaixonante e divertida viaxe ao Paleolítico galego, ao berro de "Mamut, cómeme o cu!"




9↑

## Faísca, a nena neandertal

Xoel, Matilde, Diana e Carlos van de campamento a unha aldea preto de Triacastela. As vacacións preséntanse aburridísimas porque teñen prohibidos os videoxogos e as cartas do seu xogo favorito. Mais, coma sempre, a súa intuición erra de cheo. Sonche ben expertos en meterse en sarillos! A visita ao xacemento arqueolóxico de Cova Eirós serviralles de porta de entrada ao Plistoceno. Desta volta, a súa principal ameaza será unha nena neandertal, rebuldeira e divertida, coa que deberán facer boas migas se queren sobrevivir nun mundo tan hostil como fermoso. O Paleolítico galego amosaralles os seus segredos mellor gardados, onde non todo é o que parece. Logo de viaxar ao Cretáceo en *Catro plumas de dinousauro*, Xoel e os seus amigos viven outra apaixonante aventura, desta volta no Paleolítico, ao berro de «Mamut, cómeme o cu!». As ilustracións son de Xulia Pisón.

Xerais Rústica
13,5 × 19 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1110-568-2

12,95 €

# Abel Tomé



PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL 2024




11↑

## Milú e o edificio das persoas extraordinarias

Milú vive coa súa nai na cidade de Parisia, no edificio Les Marginaux, onde todos os nenos que o habitan posúen un don que os fai extraordinarios. O don de Milú é construír soños. Coa escusa de que o edificio está estartelado, as autoridades mandan un aviso para que se desaloxen as vivendas canto antes. Pero Milú e os outros nenos e nenas teñen un plan para tentar evitar que os expulsen dos seus fogares. Unha luminosa fábula social sobre o poder da imaxinación infantil para soñar un mundo mellor. O optimismo e a fantasía propios da infancia convértense nesta historia nun antídoto contra a intolerancia e o odio, e fan posible o milagre de transformar en tenrura, audacia, amor, humor e esperanza a tráxica realidade que padecen a diario multitude de persoas, vítimas das grandes desigualdades do mundo.

Xerais Rústica
13,5 × 19 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-584-2

12,95 €

10↑




### Xoán Babarro

## As vinte fadas de Lala Rus

Lala Rus descobre unhas fadas que cantan as súas propias cancións, mais tamén exercen de bibliotecarias, pescantinas, adestradoras, labregas, actrices, voluntarias en oenegués, fotógrafas... Ademais, por teren a condición de fantásticas, poden ir aos salóns de peitado de sereas, ser amigas do Eco, xogar coas nubes, competir en carreiras de canguros e voar no cantar do cuco. As Ilustracións son de Ana Tasende.

Galaxia Rústica 13 × 20 cm 68 páxinas

ISBN: 978-84-1176-328-8

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

10↑




### Ana María Fernández Martínez

## Pirata pregunta por ti

Miau! Pirata chama cada día por ti, avoa. Semella que busca a túa sombra por toda a casa e, aínda que se faga o durmido sentado na túa butaca, as máis das veces está cun ollo aberto por se te ve pasar. Agora o teu gato é meu. Pirata xa forma parte de min, dos meus mellores amigos. As Ilustracións son de Lili Algo.

Galaxia Rústica
13 × 20 cm 108 páxinas

ISBN: 978-84-1176-329-5

12 €

10↑




### Wil Huygen e Rien Poortvliet

## Gnomos

Este libro trata da vida dos gnomos. Como viven, como subsisten e como constrúen as súas casas, entre outras moitas máis cousas. As ilustracións son de Rien Poortvlie e foi traducido do inglés por Roque Barcia.

Sushi Rústica
21,5 × 30, 5 cm 212 páxinas

ISBN: 978-84-16884-81-0

28,50 €

VII PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ POLA IGUALDADE




11↑

### Andrea Barreiro Freije

## Quen precisa unha avoa?

Este curso non pinta ben para Marta. O mestre quere traballar nun proxecto para o que van falar coas súas avoas, pero ela non ten avoas! E iso que, se mira ao redor, ve unha chea. Non lle queda outra e terá que secuestrar unha avoa, e nada mellor que involucrar as súas amigas para levalo adiante. As ilustracións son de María Montes.

Xerais Rústica
14 × 21,5 cm 296 páxinas

ISBN: 978-84-1110-569-9

14,50




Á VENDA O 17 DE OUTUBRO

## Beatriz García Turnes

## A maldición do papiro alexandrino

Nadal de 1918. Ao finalizar a Gran Guerra, Atenea Donadieu regresa a Francia para iniciar os seus estudos universitarios. Axiña, a súa intelixencia e os seus coñecementos chaman a atención na Facultade e levan a súa compañeira Olga Aleksandrova a facerlle unha encarga moi especial: debe axudarlle a recuperar un antigo papiro roubado. Deste xeito, Atenea non só lle fará un gran favor á súa nova amiga, senón que evitará o cumprimento da maldición que ameaza o novo dono do manuscrito.

Xerais Rústica 13 × 21 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-570-5

12,95 €

# Raquel Fernández Fernández






Á VENDA O 17 DE OUTUBRO

XVI PREMIO JULES VERNE DE LITERATURA XUVENIL 2024

## I'm Obélix

Isma, un mozo de 13 anos, afronta un novo curso do instituto cun cambio significativo na súa vida: unha diagnose de TDAH. O que en principio semella algo positivo para a familia, xa que chega acompañado de respostas –e mesmo de certo alivio–, converterase nun drama no ámbito escolar, onde o protagonista terá que enfrontarse ao descoñecemento e á falta de sensibilidade dun sector do profesorado e do alumnado. Con certos toques de humor e unha chea de referencias ao mundo adolescente actual, *I'm Obélix* achega á crúa realidade do día a día nun instituto calquera, onde ser diferente é un desafío e, demasiadas veces, constitúe unha traxedia para a vítima e a súa familia.

Xerais Rústica
13 × 21 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1110-587-3

12,95 €




## Beatriz Maceda

## Teranga

"Vencerse é cousa de se tratar". Este verso da escritora Xela Arias é o xermolo da historia dun grupo de rapazas que son quen de superar todos os atrancos que xorden na súa vida persoal e no instituto grazas á "Teranga" (acollida ou hospitalidade nunha das linguas senegalesas). Aquel fora un curso escolar inesquecible para todas, porque o amor, o compañeirismo e o traballo en equipo lograran vencer fronte ás persoas que non entenden que na diversidade está a mellor das riquezas. E tamén porque formaran un grupo musical, Seneregue, que as unira para sempre.

Xerais Rústica
13 × 21 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-532-3

12,95 €

Banda deseñada




## Alice Oseman

## Heartstopper 1

### Rapaz coñece rapaz

O Charlie e o Nick están no mesmo instituto. Non se coñecían mais un día teñen que sentar xuntos e axiña se fan amigos. Charlie comeza a namorar do Nick, aínda que pensa que non ten ningunha oportunidade. Mais o Nick está máis interesado no Charlie do que calquera deles pensa. Este é o primeiro volume da serie best-séller Heartstopper escrita e debuxada pola recoñecida autora británica Alice Oseman.

Xerais Rústica
15 × 23 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-1110-580-4

15,15 €




VII PREMIO VIDAL BOLAÑO 2024

## Rosalía Fernández Rial

## Fóra de campo

Nere é unha moza dilixente e vivaz que adora as súas amigas e se leva ben coas compañeiras do equipo de vólei. Unha adolescente coma calquera outra para a que todo cambia cando o influencer máis admirado pola comunidade repara nela. En canto lle pide participar na súa nova serie entra no reino das elixidas. Cunha linguaxe contemporánea onde conflúen as artes escénicas, plásticas e musicais.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1176-321-9

10,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Sandra Ferreiro García

## Castelos de cristal

Sandra Ferreiro (A Estrada, 2000) constrúe uns relatos que invitan á lectura pausada e reflexiva a través dunha prosa poética chea de profundidade e sosego.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 148 páxinas

ISBN: 978-84-1176-323-3

14,70 €




Á VENDA EN OUTUBRO

## Virxilio

## Xeórxicas

A tradución do latín, introdución e as notas son de Lucía Gómez Fariña. A edición definitiva das *Xeórxicas* componse de catro libros, arredor dos cincocentos versos. O sentir que subxace á obra é a dignificación do traballo do labrego. Como o propio Virxilio afirma, o campesiño sostén a patria dende o campo, que é unha fonte de alimento para todos. Na Roma contemporánea, azoutada polas guerras civís, é necesario deixar de fundir apeiros para forxar armas; o labrego ten que volver ao seu traballo, que certamente é duro pero necesario. As *Xeórxicas* están escritas en hexámetros dactílicos, mais neste caso a editora optou pola prosa ante a imposibilidade de crear un texto en galego que mantivese a métrica orixinal e permitise unha lectura fluída.

Rinoceronte Rústica
14,5 × 22 cm 138 páxinas

ISBN: 978-84-19795-70-0

16,15 €

# X. L. Méndez Ferrín






## Poesía reunida

Amén doutros libros, neste volume inclúese tamén a poesía dispersa de X. L. Méndez Ferrín, que en parte fora xuntada polo autor en *Era na selva de Esm* (2004). Da man de Anxo Angueira, profesor da Universidade de Vigo, escritor e ensaísta, esta edición da poesía do autor ourensán ofrece un longo estudo introdutorio, así como un detallado repertorio de notas de cada poema.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 552 páxinas

ISBN: 978-84-1110-579-8

25,60 €




## Iris Carro González/ Adri Mosqueira Paços

## Hecatombe/Farsa

Libro de dobre cara que contén por un lado a obra *Hecatombe* e polo outro *Farsa*.

*Hecatombe:* Entraña a procura dunha mesma a través dos versos, a existencia e o tránsito á madurez é o tema central coas súas vicisitudes, os seus claroscuros na busca inquebrantable da luz.

*Farsa:* Este trabalho, ademais dumha mirada cara adentro, é um canto á liberdade de Palestina e em contra da ocupaçom colonialista deste territorio.

Toxosoutos Rústica
130 × 20 cm 42 páxinas

ISBN: 978-84-128986-0-6

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Inés López Fernández

## Acuruxar

"Un poemario que non procura adorar ni rescatar a ningún. Eríxese como exercicio de autoexploración mentres a palabra pasa os seráns cavilando", segundo relata a editora.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-10324-02-2

14,90 €




## Concepción Paz Montenegro

## ... agroma primavera ... brota primavera

"Neste mundo convulso de horrores, inxustizas, opresións..., os meus versos –refire a autora– son unha valoración positiva aos actos de amor, amizade, comprensión, aceptación... estalidos de primavera, raiolas de Sol que sempre están connosco se sabemos ollar".

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-128497-9-0

13 €




## Antón Reixa

## Enciclopedia perplexidade

### (escolma poética 1976-2023)

Obra para achegarse ao universo creativo dunha das figuras máis destacadas e polifacéticas da cultura galega contemporánea, nunha edición con prólogo de Xabier Cordal.

Kalandraka Cartonado
15 × 23,5 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-19213-50-1

17,10 €




## Antonio Seijas

## Os oito mitos de Palermo

Que evocan o nome das cidades míticas? Como se filtran no subconsciente as experiencias vividas? Como gobernan a rutina de cada quen os soños que fascinan? Este libro de poemas combina potentes imaxes visuais e un vertixinoso ritmo.

Aira Rústica
13 × 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-128581-4-3

14 €




## Luísa Villalta e Maribel Longueira

## Papagaio

Nova edición dunha das obras máis comprometidas e feministas da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024. Convidada pola fotógrafa Maribel Longueira, Luísa Villalta puxo voz a estas imaxes con 19 poemas. Neles móstrase reivindicativa, directa, rotunda e ao mesmo tempo solidaria ao proxectar unha ollada que deixa en evidencia a violencia patriarcal e o estigma sufrido polas mulleres que exercen a prostitución. Prólogo de Eva Veiga e Francisco X. Fernández Naval.

Kalandraka Rústica
22 × 22 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1343-313-4

20,90 €




### Soledad Torres Guijarro (Coord.)

## Hackeamos o patriarcado

### Unha análise do machismo dixital

As desigualdades de xénero amplifícanse no mundo dixital, onde non hai barreiras temporais e xeográficas, nin, por tanto, refuxio. Nas redes sociais, a violencia contra as mulleres e as disidencias sexuais e identitarias multiplícase. Tamén a asistencia dixital, cada vez máis presente nas nosas vidas, está ateigada de estereotipos sexistas e de tolerancia á violencia de xénero. Neste libro achéganse os resultados de investigacións que se desenvolveron na Universidade de Vigo, onde se analizan estes problemas e se propoñen solucións e referentes para que o mundo dixital sexa un espazo seguro e de crecemento.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 290 páxinas

ISBN: 978-84-1176-318-9

21,85 €




### Xesús Alonso Montero

## Palabras para o noso tempo

Reúne unha selección de quince discursos de Xesús Alonso Montero, mantendo na transcrición do texto o espírito fiel da oratoria orixinal. Un traballo que partiu de moitas horas de gravación e transcrición a cargo de Carmen Blanco Ramos, e que estivo ao coidado de Olivia Rodríguez González para esta edición. O autor afirma ter pronunciado máis de 5.000 discursos ante públicos ben diferentes. Por eles van pasando personaxes inesquecibles como Rosalía de Castro, Isaac Díaz Pardo, Emilia Pardo Bazán, Francisco Fernández del Riego, Borobó, Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas. Como afirma a profesora Olivia Rodríguez no seu limiar, "esta obra é unha revalorización do pensamento creativo da palabra e da súa conexión co pensar, sentir e imaxinar".

Alvarellos Rústica 13 × 23 cm 356 páxinas

ISBN: 978-84-18567-59-9

22,32 €




### Xosé Luís Méndez Ferrín

## Castelao é noso

Volume que reúne os ensaios que Xosé Luís Méndez Ferrín dedicou á figura política de Castelao dentro da súa coñecida serie de artigos "No Fondo dos Espellos", publicados no *Faro de Vigo* entre 2007 e 2020. En total, trece textos aparecidos entre 2014 e 2019. Entre eles, a serie completa (en sete entregas) dos que titulou como "Castelao é noso", recollendo así un verso dun coñecido poema de Celso Emilio Ferreiro. A edición foi supervisada polo propio autor e estivo ao coidado do catedrático de Lingüística Xeral da Universidade de Vigo Fernando Ramallo.

Alvarellos Rústica 12 × 19 cm 92 páxinas

ISBN: 978-84-18567-61-2

13,90 €




### António Gil Hernández (Ed.)

Johán Vicente Viqueira
João Vicente Biqueira (1924-2024)

## Poemas e ensaios

Oferecemos neste 100 aniversário da morte de Johán Vicente Viqueira uma seleção dos seus textos editados e comentados pelo académico da Academia Galega da Língua Portuguesa António Gil Hernández (Valladolid, 1941). Uma coletânea que serve para entender o pensamento linguístico, educativo e filosófico dum dos primeiros defensores da convergência ortográfica galego-portuguesa. "O galego, não sendo uma língua irmã do português, mas sim um português, uma forma do português (como o andaluz do castelhano), tem-se de escrever, pois, como português. Viver no seu seio é viver no mundo, é viver sendo nós próprios!" (Viqueira, 1919)

Através Rústica
16 × 23 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-16545-92-6

15,20 €




### Marcos Maceira e Elsa Quintas

## Liberdade para o galego

### Política, uso e disposición da lingua

Os autores pregúntanse se abonda coa propia vontade para facer uso da lingua do país ou se existen impedimentos materiais, situacións de coaccións ou condicionantes de calquera tipo que obstaculizan o seu libre desenvolvemento. De seguido tentan achegarse a estas cuestións en relación aos principais ámbitos da vida social, especialmente daqueles en que existen compromisos adquiridos polo Estado ou acordos alcanzados por todas as forzas políticas en Galicia. Advertimos, para comezar, que de xeito incompleto. "A liberdade para o uso do noso idioma está condicionada a se manter sempre baixo a subordinación e secundarización respecto do español", afirman.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-8487-685-4

17,05 €




### Henrique Monteagudo

## Erudición e ilustración

### Estudos sobre Martín Sarmiento

Volume que recolle as contribucións dos especialistas que participaron no encontro científico organizado polo Consello da Cultura Galega arredor da *Obra de 660 pliegos* de Martín Sarmiento (1695-1772). Levaba por título *Simposio Martín Sarmiento. De historia natural e de todo xénero de erudición*. A ducia de traballos de distintas ramas do saber ofrecen unha serie de achegas sobre a figura e a produción de Sarmiento, un legado enciclopédico que é "un continente con amplas rexións aínda pendentes de exploración".

C. Cultura Galega Rústica
17 × 23 cm 374 páxinas

ISBN: 978-84-17802-64-6

19 €




### Eva Moreda

## Pagáns e pragmáticos

### A vida no Reino Unido

Segundo conta no prefacio "É requisito para obter a nacionalidade británica pasar un exame sobre costumes e cultura do país chamado *Life in the UK* (a vida no Reino Unido). De aí o subtítulo deste libro, que escribín na súa maioría mentres me preparaba para o exame". Os British teñen as súas particularidades: corren a adorar o sol en canto sae a primeira raiola, coma se fose un atavismo de Stonehenge; tamén recean da filosofía, a beleza ou a diversidade lingüística por opoñerse á súa visión pragmática da vida. Tras dezaoito anos emigrada no Reino Unido, Eva Moreda explica a cosmovisión dos británicos.

Morgante Rústica 13,5 ×
21,5 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-19040-34-3

15 €




Alba Díaz Geada

## Uma história pequena da Galiza rural (1939-1982)

Este livro analisa as mudanças da vida rural na Galiza durante a ditadura franquista e o processo de mudança de regime político. Recolhe experiências de repressão, de desigualdade e de luta, e situa a sua compreensão num quadro específico de relações sociais. Estratégias de sobrevivência e de solidariedade são significadas num contexto que exige a força de trabalho camponês continuar a ser para deixar de ser. A partir de testemunhos pessoais e da análise histórica, oferece-se uma visão abrangente de como a forma de organização social capitalista, no seu transformar-se, afetou profundamente a estrutura social, econômica, política e cultural das comunidades rurais do país. De como, no continuar a ser e no deixando de ser, as comunidades camponesas empurraram e empurram os limites do possível.

Através    Capa mole    13 × 19 cm    82 páginas

ISBN: 978-84-16545-94-0

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Fran Ferreiro Chao-Abella

## País estático, tempos salvaxes

"Churrasco, verbena, rapaces novos que se matan en coches vellos, prebostes galeguistas que ninguén recoñece pola rúa: cando Santiago Jaureguizar lle ofreceu a Fran Ferreiro colaborar no *Táboa Redonda*, o suplemento cultural de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, seica esperaba iso: cultura. Pero para cousas tan complicadas sempre haberá xente máis capaz. Aquí temos un observador imprevisible, divertido e asombrado por unha Galicia sempre diferente de como a imaxinamos, nola contaron e a queremos. Porque, guiándose polo seu admirado Álvaro Cunqueiro, Fran mira ao seu arredor con todo o cariño do mundo pero co respecto xusto". Texto da editora.

Morgante    Rústica    13,5 × 21,5 cm    102 páxinas

ISBN: 978-84-19040-35-0

15 €




Juan Nepomuceno Suárez Lijó

## A parroquia de Abanqueiro nos seus libros de rexistro

Estudo que analiza o comportamento e vida dos veciños de San Cristovo ó longo dos séculos que abranguen a Idade Moderna e o século XIX. Juan Nepomuceno Suárez Lijó, naceu en Pasaia de S. Pedro (Guipúscua) no 1954. Aos dezaseis anos trasladouse, xunto a súa familia, á parroquia de Abanqueiro, sita no concello de Boiro, onde nacera seu pai. Cursou bacharelato na Coruña e a carreira universitaria entre Santiago e Valladolid, licenciándose en Filosofía e Letras, coa especialidade de Historia Moderna, na Universidade de Valladolid. Dedicou a súa actividade laboral ó negocio familiar. Ao xubilarse, volveu retomar vellos traballos iniciados na súa época universitaria, dando, como resultado, este libro sobre a parroquia de Abanqueiro. Tamén ten publicado un artigo titulado "A capela da nosa Sra. de Exipto no monte do Seán e Calvario", no *Anuario de Estudos do Barbanza*, no 2021.

Toxosoutos    Rústica    17 × 24 cm    156 páxinas

ISBN: 978-84-128986-1-3

17,10 €




Fernán Álvarez

## A Torre de Caldaloba

Volume que da conta da responsabilidade das administracións públicas no estado de abandono da Torre de Caldaloba, símbolo da loita e resistencia de Constanza de Castro e dos seus vasalos e seguidores fronte aos exércitos de Castela, e pon en valor o movemento pola protección deste ben desenvolvido nas últimas décadas polas Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego. A historia dunha loita colectiva e plural pola conservación dun pasado ligado ao Reino de Galicia.

Toxosoutos    Rústica
15 × 21 cm    260 páxinas

ISBN: 978-84-128122-4-4

16,15 €




Bieito Alonso

## Inimigos ás portas

